

PLAN XERAL ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



CEIP A XUNQUEIRA 1

Índice

1.- INTRODUCCIÓN.....	2
2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.....	3
3.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.....	4
.....	6
4.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.....	8
5.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	10
5.1.- MEDIDAS ORDINARIAS.....	10
5.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	11
6.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.....	20
7.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.....	26
8.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.....	30
9.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.	31
10.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	34
11.- PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	38

1.- INTRODUCCIÓN.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, entre outras cousas:

a) *O Plan Xeral de Atención á Diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado. (Artigo 10).*

Considerando a normativa citada e as características e recursos deste centro, elabórase este Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD), coa idea de que a diversidade é un valor, ademais dunha realidade, e a súa atención educativa, un dereito.

Educación na diversidade lévanos a asumir esta e a desenvolver o seu papel enriquecedor: ensinar a cada alumno segundo as súas características, establecer os mecanismos e usar os recursos que permitan o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, dar as respostas educativas que compensen as desigualdades derivadas das circunstancias individuais, pensar nun currículo aberto, recoñecer e valorar as distintas culturas e orixes, implicar a toda a comunidade, poñer a disposición do alumnado todos os medios posibles, rexerse polos principios de inclusión e normalización.

En consecuencia, a atención á diversidade debe contemplar actuacións para a totalidade do alumnado, non só para aquel con necesidades específicas de apoio educativo, e debe establecer criterios para os apoios e actuacións educativas, tendo en consideración a dotación de recursos.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no capítulo I, artigo 3, entende a atención á diversidade como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todos e cada un dos alumnos.

Na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no capítulo I do Título preliminar establecen os principios e fins da educación. Entre os principios que a inspiran, destacan a calidade da educación para todo o alumnado; a equidade, a inclusión educativa e a igualdade de dereitos e oportunidades; a concepción da educación ao longo da vida; a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado; a orientación educativa e profesional dos estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada; o esforzo individual e compartido por alumnado, familias, profesorado, centros, Administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

O CEIP “A Xunqueira-1” está situado na cidade de Pontevedra, na zona denominada A Xunqueira.

É un centro de ensino público dependente da Consellería de Cultura, Educación e O. U., adscrito ao IES a Xunqueira 1.

As características da súa contorna que puideran exercer unha maior influencia no desenvolvemento da educación e do ensino, e que hai que ter en conta á hora de facer a programación curricular, son as seguintes:

- Alumnado que proceden da propia cidade e un importante continxente de poboación rural.
- Contorna sociocultural e económica: Medio
- Profesións das familias:
 - Comerciantes.
 - Industriais.
 - Empregados de comercio.
 - Autopatróns.
 - Funcionarios.
 - Obreiros.
- Nivel formativo-instrutivo: Medio.
- Con transporte escolar: un terzo dos alumnos aproximadamente.
- Nivel de disciplina e convivencia: bo, sempre se pode e debe mellorar.
- Asistencia: Alta e con regularidade.

Neste centro escolarízanse alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo, con necesidade de reforzo e apoio. Contamos cun profesor de Pedagogía Terapéutica, unha mestra de Audición e Linguaxe e outra máis itinerante (permanece no centro un día á semana) e unha Orientadora.

A atención á diversidade implica coñecer, respectar, aceptar, valorar e responder ás diferenzas individuais e culturais dos alumnos/as e evitar calquera tipo de discriminación. Polo tanto cando falamos de atención á diversidade, non falamos soamente de alumnos/as con necesidade educativas específicas.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, nos artigos 15 e 16, pon de manifesto a relevancia da atención a diversidade do alumnado que debe ser un principio sobre o que se base toda a intervención educativa.

A atención á diversidade do alumnado rexerese polos principios de normalización e inclusión.

3.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

Tal e como recolle a LOMCE, no artigo 9.1: *“En esta etapa se pondrá especial énfasis en la atención a la diversidad del alumnado, en la atención individualizada, en la prevención de las dificultades de aprendizaje y en la puesta en práctica de mecanismos de refuerzo tan pronto como se detecten estas dificultades”*.

A continuación no artigo 9.3 engade: *“Se prestará especial atención durante la etapa a la atención personalizada de los alumnos y alumnas, a la realización de diagnósticos precoces y al establecimiento de mecanismos de refuerzo para lograr el éxito escolar”*.

Entendemos a atención á diversidade como o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intenta previr e dar resposta ás necesidades temporais e/ou permanentes de todo o alumnado do centro, e entre eles aos que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria.

Enténdese por n.e.a.e, aquel alumnado que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar:

- Necesidades educativas especiais (n.e.e).
- Dificultades específicas de aprendizaxe.
- Altas capacidades intelectuais.
- Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia escolar.

A continuación clasificamos as diferentes necesidades que poden darse nos diferentes apartados anteriormente citados:

NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (N.E.E)

“Se entende por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requiera, por un período de su escolarización o a lo largo de toda ella, determinados apoyos y atenciones educativas específicas derivadas de discapacidad o trastornos graves de conducta”. (art.73- LOE).

➤ Necesidades de carácter intelectual:

- Síndrome de Down.
- Síndromes varios con afectación cerebral ou intelectual.

➤ Necesidades de carácter sensorial:

- Deficiencias auditivas.
- Deficiencias visuais.

➤ Necesidades de carácter físico-motórico:

- Parálises Cerebral.
- Espiña Bífida.
- Miopatías.

➤ Necesidades relacionadas cos trastornos xeneralizados do desenvolvemento:

- Trastorno do Espectro Autista.
- Síndrome de Asperger.
- Trastorno de Rett.
- Trastornos no especificados.
- Trastornos Xeneralizados do desenvolvemento.

DIFICULTADES ESPECÍFICAS DA APRENDIZAXE

- Dificultades no proceso cognitivo secuencial e cun perfil de: dislexia ou discalculia.

- Dificultades de orixe emocional con bloqueo dos procesos cognitivos de planificación e atención.
- Dificultades específicas de lectura- escritura e matemáticas.
- Aquel alumnado que non quere aprender nin estudar.
- Alumnos con Trastorno de Déficit de Atención e Hiperactividade

ALTAS CAPACIDADES INTELECTUAIS

Un alumno ou alumna poderá ser considerado sobredotado se demostra cando menos posuír unha intelixencia moi superior á media e un nivel alto de creatividade. (O.28/10/96- art.5º), e segundo algúns autores como Renzulli, alta persistencia nas tarefas.

A LOMCE no artigo 14.4 di: *“les corresponde (a las Administraciones) adoptar planes de actuación, así como programas de enriquecemento curricular adecuados a dichas necesidades, que permitan al alumnado desarrollar al máximo sus capacidades”.*

POR INCORPORARSE TARDÍAMENTE AO SISTEMA EDUCATIVO

“La incorporación al sistema educativo de los alumnos que, por proceder de otros países o por cualquier otro motivo, se incorporen de forma tardía al sistema educativo .español. Dicha incorporación se garantizará, en todo caso, en la edad de escolarización obligatoria”. LOE, artigo 78.1.

POR CONDICIÓN PERSOAIS OU HISTORIA FAMILIAR

Aqueles alumnos que posúen necesidades específicas derivadas de problemas cuxo orixe é emocional, e que constitúen unha dificultade de aprendizaxe engadida. Cando a historia familiar dificulta o proceso de ensino-aprendizaxe considerado “normal”.

Polo tanto, as necesidades educativas distribúense nun continuo, todos os alumnos/as nalgún momento do proceso de ensinanza- aprendizaxe presentan necesidades educativas habituais. Dentro das prioridades da orientación educativa, a atención ás necesidades educativas do alumnado ocupa un lugar preferente.

▪

Para que o Departamento de Orientación dea resposta ás necesidades específicas de apoio educativo ha de seguirse o seguinte proceso de detección:

- O profesor e/ou o titor, no desenvolvemento das diversas accións que implica a avaliación continua, detecta necesidades educativas (retrasos, alteracións, dificultades, problemas ...) nalgún/s ámbitos de desenvolvemento nun alumno determinado.
- O profesor recompila información: observación, informes, avaliación inicial, traballos...
- Intercambia información coa familia.
- Tenta dar resposta ás necesidades que existen no centro con medidas ordinarias de forma normalizada.
- Se o consegue, pecha o ciclo de detección.
- Se non o consegue, demanda colaboración ao Departamento de Orientación (a través dun modelo de solicitude de intervención do DO). No caso de que este precise asesoramento para realizar esta avaliación psicopedagóxica solicita a intervención do EOE (Equipo de Orientación Específico de Pontevedra), quen valora o caso (concretado nun Informe Psicopedagóxico–resumo da avaliación psicopedagóxica realizada cando se dan as condicións establecidas na Orde do 31 de Outubro de 1996), e determina as medidas educativas a adoptar en función das necesidades do alumno. As familias estarán informadas das medidas acordadas.
- A detección de necesidades tamén pode ser realizada pola familia, quen informa das necesidades detectadas no ámbito familiar e se aplicaríase entón o mesmo procedemento anterior dende a titoría ou dende o propio Departamento de Orientación.
- Se as necesidades detectadas precisan Adaptacións Curriculares Significativas (ACS), elaborárase o documento onde se recollen as modificacións e o tipo de atención.

Como se planifica o proceso de diagnose e posterior intervención?

↳ Despois dunha avaliación das necesidades do alumno, a Orientadora determinará e fará unha proposta dos apoios que deberá recibir o devandito alumno, ben de PT, AL ou ben por parte doutro profesorado, atendendo a se as necesidades son de orixe cognitivo, comunicativo-lingüísticas, emocionais...

↳ A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, corresponde á Xefatura de estudos, (tal e como establece no seu artigo 19º a Orde do 27 de Decembro do 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non

universitario con nee), co asesoramento do Departamento de Orientación en función das necesidades dos alumnos e dos recursos dispoñibles.

↳ Unha vez detectadas as dificultades e proposto o alumno para o apoio correspondente, tal e como se establece no punto anterior, determinarase e concretarase o plan de traballo para o alumno, fundamentalmente dende a coordinación dos profesores implicados no apoio.

↳ Informarase sempre ás familias da proposta de intervención deseñada e manteranse reunións para informarlles da evolución do alumno así como para o establecemento de pautas de actuación conxuntas.

↳ Trimestralmente os especialistas de PT e AL así como o Departamento de Orientación realizarán o informe no que reflectan os obxectivos conseguidos e os que será necesario seguir traballando.

Cada curso, o departamento de orientación realiza unha avaliación psicopedagóxica, a todo o alumnado de 6º de Educación Infantil, como medida de prevención.

4.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

O Obxectivo Xeral que perseguimos é:

- Atender á diversidade do alumnado do centro programando medidas que respondan ás necesidades individuais dos/as alumnos, partindo dun tratamento educativo personalizado que lles permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos dos diferentes cursos, etapas e materias de ensinanza.

Para conseguir este obxectivo, propoñemos outros:

Con respecto aos Centros

- Asesorar e ofrecer recursos á comunidade educativa que favorezan a posta en práctica de medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade.
- Promover a cooperación entre o Centro e as familias.
- Fomentar a cooperación de toda a comunidade educativa nas tarefas de atención á diversidade.
- Transmitir a información individualizada na transición de Infantil a Primaria, e de Primaria a Secundaria.

Con respecto aos alumnos/as

- Previr, detectar e tratar as dificultades de aprendizaxe.
- Explorar psicopedagoxicamente ao alumnado derivado polo profesorado ou pola familia.
- Revisar ou modificar as medidas de apoio ao alumnado que precise inclusión no sistema educativo.
- Seguir aos alumnos/as de Reforzo Educativo.
- Asesorar nas elaboracións de ACS e programas de Reforzo Educativo.
- Revisar ou modificar as medidas de apoio que está a recibir o alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe.
- Participar nas sesións da avaliación e reunións do equipo docente.
- Atender ao alumnado que presente condicións de diversidade, xestionando a súa situación.

Con respecto aos profesores/as

- Transmitirlles información acerca da Avaliación Psicopedagóxica e de aspectos persoais, sociais, ou familiares que repercutan no proceso educativo dos alumnos/as.
- Coordinar ACS e RE.
- Informar das medidas metodolóxicas que poden aplicar nos Reforzos Educativos e Agrupamentos Flexibles.
- Intercambiar información sobre calquera problema do alumnado e tratar de remedialo.
- Prantexar outras medidas de atención á diversidade, segundo a problemática existente.

Con respecto ás familias

- Solicitarlles a súa colaboración no intercambio de información para intentar solucionar os problemas do alumnado.
- Demandarlles a súa colaboración para calquera das medidas a levar a cabo: adaptación, reforzo...
- Informalos sobre calquera aspecto que poida incidir na educación dos seus fillos.

Con respecto a outras Institucións ou profesionais

- Solicitar a cooperación dos Servizos de Asistencia Social da zona cando se considere que a problemática presentada polo alumno/a poida ser de orixe familiar ou social.
- Traballar en coordinación cos organismos que leven os casos de alumando que requira unha atención específica: Saúde Mental, Menores,...
- Pedir a cooperación doutros profesionais externos ao Centro (logopedas, pediatras, psicólogos, psiquiatras).
- Solicitar a cooperación do Equipo de Orientación Específico Provincial, cando se considere a necesidade dunha cooperación externa.

5.- DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Seguindo as liñas indicadas no Decreto 229/2011 do 7 de Decembro polo que se regula a Atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sinalamos dous tipos de medidas:

5.1.- MEDIDAS ORDINARIAS.

Son aquelas que non alteran os obxectivos, contidos e criterios de avaliación:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula, ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Desdoblamento de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

- Programas de recuperación de materias non superadas.
- Programas específicos personalizados para o alumnado que non promociona de curso.
- Programas de habilidades sociais.

5.2.- MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do Centro educativo, do servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificado do correspondente Servizo de Orientación.

Están dirixidas ao alumnado con necesidade específica de apoio que poden requiren modificacións significativas do currículo ordinario, unha vez esgotadas as medidas de carácter ordinario. Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade están:.

- Adaptacións curriculares significativas.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en PT e/ou en AL.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa a aqueles alumnos que, por circunstancias diversas, presentan dificultades para una asistencia continuada ao centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

□ Descrición das Medidas Ordinarias

Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

Trataríase das medidas de tipo organizativo que teremos que pór en marcha dende o centro e a aula para ofrecer unha resposta de calidade á diversidade do noso alumnado, xa que para o desenvolvemento dos tratamentos oportunos, o centro debe contar cun espazo especificamente destinado para ese efecto, que reúna as condicións mínimas de privacidade, iluminación, lonxe de ruídos, espazo físico dispoñible, dotación de equipo técnico necesario e material didáctico específico, unha

adecuada organización dos apoios, criterios e procedementos para organizar a atención á diversidade,...

En canto ás **estratexias organizativas**, á hora de intervir co ACNEAE e organizar a súa resposta educativa, partiremos das medidas ordinarias e, unha vez esgotadas estas por resultaren insuficientes ou ineficaces, adoptaríanse medidas de carácter extraordinario, para lograr unha resposta educativa coherente e progresiva. Así a atención ao alumnado con NEAE organizarase a través de reforzos e apoios, os cales terán en conta diversos aspectos:

- **A quen van dirixidos:** a aqueles alumnos/as que presenten un desfase (ou avance) curricular e se considere que cunha atención máis personalizada van lograr progresar adecuadamente.
- **Que apoiar:** os apoios realizaranse fundamentalmente nas técnicas instrumentais básicas.
- **Onde apoiar:** en canto á ubicación do apoio, priorizarase este na aula ordinaria. Aínda que tamén cabe a posibilidade de que o alumno/a reciba atención na aula de apoio (sempre que esta non supere un terzo da xornada escolar, tal e como establece a Orde do 27 de decembro do 2002, que establece as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con NEAE).
- **Cando levalos a cabo:** os horarios de atención aos ACNEAE realizaranse a comezos do curso escolar e, na súa confección, participarán o profesorado de PT, de AL e a xefa do Departamento de Orientación, en colaboración co profesorado titor, así como a xefa de Estudos, que coordinará ditos horarios cos das outras áreas. Na elaboración destes horarios procurarase non sacar ao/a alumno/a da aula ordinaria naquelas áreas con maior aproveitamento, así como respectar momentos de recreo e traballo en grupo. Estes apoios poderán ser transitorios, e revogarse a decisión en caso de considerarse a mellor opción para o alumno/a.
- **Como levalos a cabo:** os agrupamentos que se realizan cos alumnos/as son:
 - Individuais na aula de apoio: só naqueles casos e actividades que, polas súas especiais características, non se poidan integrar na aula ordinaria nin poidan participar varios alumnos/as.
 - En pequenos grupos na aula ordinaria ou na aula de apoio cando a metodoloxía a desenvolver así o esixa.

- En gran grupo na aula ordinaria: cando se desenvolvan programas xeneralizados deseñados no centro e que perseguen un dobre fin, unha acción preventiva sobre o grupo en xeral e de tratamento indirecto sobre determinados alumnos/as que presentan algún problema ou risco.
- **Quen son os responsables:** será responsabilidade do/a titor/a de cada alumno/a que reciba un reforzo ou un apoio a dinamización e supervisión do proceso, xunto coa colaboración do resto de profesorado que traballen con el ou ela, así como os profesores de apoio e orientadora, que colaborarán no deseño, elaboración e avaliación do plan personalizado de traballo de cada alumno/a.

En todo caso, o currículo que ofrezamos ao/a alumno/a debe cubrir as mesmas áreas e actividades contempladas nos programas ordinarios, se ben considerando as súas necesidades e o uso de recursos e materiais didácticos específicos.

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

Tendo en conta a autonomía do centro e os sucesivos niveis de concreción curricular, o profesorado elaborará as súas programacións didácticas entendidas coma *“un conxunto de decisións adoptadas polo profesorado dunha especialidade dun centro educativo, ao respecto dunha materia ou área e do nivel no que se imparte, todo iso no marco do proceso global de ensinanza-aprendizaxe”*.

Adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Pode ser preciso levar a cabo adaptacións en canto ao *que, como e cando avaliar*, para o que será aconsellable facer unha revisión e adecuación dos criterios de avaliación e promoción; instrumentos, estratexias e momentos de avaliación: Explicitación do proceso de identificación e valoración de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo; establecer criterios de avaliación tendo en conta as NEAE; adquirir, elaborar e/ou adaptar instrumentos de avaliación; facer adaptacións no proceso de avaliación (deixarlles máis tempo, maior número de probas, probas orais,...), etc.

En canto aos criterios e procedementos para a detección e valoración das necesidades:

- No seu labor diario, os/as mestres/as titores/as e especialistas na aula levan a cabo todas as medidas ordinarias ao seu alcance para que os/as alumnos/as sigan o proceso de escolarización coa máxima normalidade.

- Cando o Equipo Educativo dun alumno/a esgote todas as medidas dentro do currículo ordinario e ese alumno/a continúe presentando dificultades cumprimentarase a folla de derivación ao DO por parte do/a titor/a en colaboración co Equipo Educativo do alumno.
- Comunicarase aos pais/nais a través do profesor/a titor/a a necesidade da realización dunha avaliación psicopedagóxica.
- A orientadora realizará a avaliación psicopedagóxica, proporcionando unhas orientacións concretas para dar resposta personalizada ás necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.
- Levarase a cabo un seguimento trimestral por parte de pais/nais, mestres/as e orientadora, da posta en práctica das medidas adoptadas, a través de:
 - De forma escrita a través do boletín informativo trimestral a pais/nais.
 - Se un/unha alumno/a recibe apoio por parte do profesorado de PT ou AL, elaborárase un informe de seguimento trimestral.
 - Seguimento psicopedagóxico por parte da orientadora ao longo do curso.

Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

Están encamiñadas a atender ao alumnado que pola súa conduta disruptiva impida o normal desenvolvemento do traballo do grupo-clase e explicitadas no Plan de Convivencia do centro.

Desdobramento de grupos.

En certos casos, se existen recursos humanos suficientes e se considera necesario, pódese distribuír ao alumnado dunha clase en dous grupos, cada un dos cales traballaría cun profesor/a distinto/a e en aulas diferentes, basicamente nas materias instrumentais.

Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Afecta aos elementos non prescriptivos do currículo (secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, organización da aula, agrupamentos dos alumnos e todo o incluído na metodoloxía). Está dirixida a aqueles alumnos/as que con esta medida poidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe. Elaboradas polo profesor/a de área, desenvólvense preferiblemente no contexto da aula ordinaria.

Segundo a orde de 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes, o profesorado con dispoñibilidade horaria levará a cabo os reforzos que sexan necesarios para dar resposta ás necesidades, características, motivacións, ...do seu alumnado.

Programas de enriquecemento curricular.

No caso de identificar a un alumno/a con altas capacidades poríamos en marcha un programa de enriquecemento curricular, incluíndo metodoloxías e actividades complementarias para atender a devandita alta capacidade.

Programas de habilidades sociais.

Elaborados polo DO para o alumnado con condutas disruptivas, seguindo as directrices do Plan de Convivencia.

❑ Descrición das Medidas Extraordinarias

Adoptaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias e será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, da inspección, da xefatura territorial ou da dirección xeral e, se é o caso, o informe xustificativo do correspondente servizo de orientación, segundo a medida a adoptar.

Adaptacións Curriculares.

Tal e como establece a Orde do 6 de outubro do 1995 as ACS defínense coma as *“modificacións dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, (a esta definición teríamos que incluír as competencias clave) para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais”*.

Á hora de levar a cabo unha adaptación curricular teremos que ter en conta que estas medidas estarán coidadosamente programadas en función das necesidades dos alumnos/as e que terán en conta, na súa elaboración, uns criterios, tanto pedagóxicos como legais, que guiarán a nosa resposta educativa.

1. Criterios pedagóxicos para a elaboración das adaptacións curriculares:

As nosas actuacións guiaranse polos seguintes criterios pedagóxicos:

- **Prevención:** o antes posible para minimizar os problemas (atención temperá).
- **Realismo:** partiremos das necesidades reais dos alumnos/as.

- **Normalización:** alonxarse o mínimo posible do currículo ordinario.
- **Flexibilidade:** que permita os axustes necesarios.
- **Planificación:** en todo o proceso (elaboración, seguimento e avaliación).
- **Continuidade:** na resposta educativa ao longo da escolaridade.
- **Coordinación:** de todos os implicados.
- **Coherencia:** criterios comúns nas actuacións.
- **Funcionalidade:** utilidade das aprendizaxes.
- **Curricularidade:** actuacións integradas no currículo.
- **Desenvolvemento persoal:** desenvolvemento integral do alumno/a.
- **Integración social:** modelo psicopedagóxico.
- **Inclusión:** non discriminación e igualdade de oportunidades.
- **Operatividade:** que logre o propósito para o que está deseñada.

2. Criterios legais para a elaboración das adaptacións curriculares:

Á hora de elaborar as adaptacións curriculares teremos en conta a seguinte normativa:

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil en Galiza.
- Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Proceso de elaboración dunha ACS.

Iniciarase o proceso de elaboración dunha adaptación curricular cando se considere que, esgotadas as demais medidas ordinarias de atención á diversidade, esta é a mellor opción para atender ás necesidades do alumno/a en concreto.

O que nos interesa é recoller clara e explicitamente o proceso que teremos que seguir dende o momento en que teñamos a sospeita de que a mellor medida para un alumno/a é unha ACS, o cal explicitamos a continuación:

Proceso de identificación

- Ao comezo do curso a través da **avaliación inicial** realizada polos titores (*Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria*).
- No caso de considerarse necesario a elaboración da ACS, a xefa do departamento de orientación realizaría unha **avaliación psicopedagóxica** (*Orde do 31 de outubro de 1996*), na que se avaliarán tanto aspectos individuais do alumno/a coma do contexto escolar, familiar e social no que está inmerso/a. A partires desta avaliación podemos coñecer as necesidades e situación real e actual do alumno/a, para poder determinar as súas necesidades educativas, o tipo de axuda que precisa, así coma os principais obxectivos que rexerán a intervención.

Decisións sobre a súa elaboración

- Unha vez identificadas as necesidades do alumno/a convocarase unha **reunión** coordinada pola xefa de estudos á que asistirán o/a titor/a, os mestres/as que imparten as áreas que se consideren obxecto de adaptación curricular e os profesionais que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidírase a pertinencia ou non da adaptación, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados.

Proceso de elaboración

- Unha vez decididas as áreas nas que se va a realizar a ACS procédese a iniciar a súa elaboración, a cal é competencia do mestre que imparte a área en cuestión, co asesoramento do responsable da orientación educativa. Estes mestres deberán recoller os seguintes datos:
 - Competencias xa adquiridas respecto do currículo de referencia.
 - Necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo de referencia.
 - Obxectivos, competencias clave, contidos e criterios de avaliación.
 - Recursos humanos e materiais que se van a empregar.

- Planificación do seguimento: datas, persoas que interveñen, rendemento do alumno/a, adecuación dos recursos, adecuación da programación,...

Proceso de solicitude e autorización

- Dado que as ACS son consideradas coma *medidas extraordinarias de atención á diversidade* será preciso solicitar a súa autorización. Neste senso, unha vez recompilados todos os datos (psicosociais, contorno socio-familiar, contorno escolar e pedagóxicos) a directora enviaría a proposta de adaptación curricular á Inspección Educativa, que emitiría un informe aprobando ou desestimando a proposta.
- No caso de aprobación, comezaríamos a levala a cabo; no caso de desestimación dependería das razóns interpostas pola Inspección: inadecuación da proposta (poderíase reformular), inadecuación da medida,...

Avaliación e rexistro

- Para a avaliación do alumnado con ACS teremos en conta que os criterios de avaliación e promoción xa non son os de curso e etapa, senón os da propia ACS (aspecto recollido no Decreto de currículo da educación primaria).
- Revisaranse, polo menos, unha vez ao trimestre e a final de curso.
- Todos os datos, dende a avaliación previa, adaptacións elaboradas e informe da Inspección constarán nun Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC), de carácter confidencial.

Agrupamentos flexibles transitorios nalgunha área de aprendizaxe.

Poden levarse a cabo, en certas áreas, agrupamentos flexibles transitorios co fin de lograr unha maior calidade do ensino minimizando a ratio da aula.

Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

O apoio por parte dos especialistas en PT e AL poderá levarse a cabo tanto dentro como fóra da aula ordinaria. Para levar a cabo estas intervencións será necesaria a autorización da dirección do centro e a información á familia.

Flexibilización da duración do período de escolarización.

Débense ter en conta os criterios de promoción para os alumnos con NEAE.

Ao remate de cada curso e como resultado do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión final de avaliación, decidirán sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor; segundo a Orde do 9 de xuño de 2016.

O alumno/a accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos que corresponden ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación. Cando un alumno non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio. (Tamén recollido na Orde do 9 de xuño de 2016).

Sen prexuízo do establecido, o alumnado que presente necesidades educativas especiais poderá permanecer un ano máis na etapa, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa; tal e como recolle o Decreto 105/2014, do 4 de setembro.

Adóptase o principio de que a promoción será continua constituíndo a permanencia por un ano máis nun curso, como unha medida de carácter excepcional e que non pode ser igualada á mera repetición de cursos. No caso de alumnos con NEAE o problema non é a promoción senón o conxunto de medidas de resposta á diversidade (RE e ACS) que o centro pon en marcha para potenciar o desenvolvemento harmónico e integral do suxeito ao máximo das súas posibilidades e nos contornos máis normalizados.

A LOMCE, igual que anteriormente fixo a LOE, establece que a promoción farase desde a valoración do logro dos obxectivos e que, no caso dos alumnos con NEAE, eses obxectivos de referencia serán os prantexados a partir da avaliación inicial, é dicir, na súa ACS, que se axustará en función dos resultados vistos no seguimento da mesma, como mínimo ao finalizar cada curso escolar.

Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

Planificaranse as intervencións educativas oportunas en función das circunstancias particulares de cada alumno ou alumna e as razóns que o/a levan a non poder asistir ao centro habitualmente (atención educativa hospitalaria e domiciliaria, alumnado sometido a medidas de protección e tutela, absentismo, abandono escolar ou desescolarización, alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar, alumnado pertencente a familias itinerantes, ...).

Grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular:

Poderán organizarse programas de inmersión lingüística simultáneos á escolarización nos grupos ordinarios cando un alumno presente graves carencias nas linguas vehiculares, ou os escolarizásemos nun curso inferior ao que lle correspondería por idade cando presentan un desfase curricular de máis dun curso (pódese revogar esta decisión cando se supere o desfase).

6.- DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

O plan xeral de atención á diversidade integra un continuo de medidas. Darase prioridade ás medidas de carácter normalizador e xeral. As medidas extraordinarias só se utilizarán cando, estando esgotadas as vías anteriores, non existan outras alternativas.

Os principios básicos que determinan a resposta educativa son o de **heteroxeneidade** (o agrupamento básico é en esencia heteroxéneo) e o de **normalización** (o proceso de ensinanza-aprendizaxe prodúcese en esencia en contornas normalizadas).

Considérase clave para o desenvolvemento das actuacións a participación da comunidade educativa, a contribución do resto do alumnado na posta en marcha das respostas e a implicación de toda a comunidade.

Como criterio xeral, as medidas de atención á diversidade priorizarán:

1º) Alumnado con NEAE permanentes (TXD, discapacidade física, psíquica ou sensorial, TDAH, alta capacidade,...). En moitos casos, a estes alumnos/as haberá que adaptarlles o currículo para adecualo ás súas capacidades e dificultades de aprendizaxe. Tamén é posible que necesiten mobiliario ou material adaptado.

2º) Alumnado con importante desfase curricular (por absentismo, enfermidade, condicións familiares desfavorables, itinerantes,...).

3º) Alumnado con problemas de conduta.

4º) Alumnado con problemas de aprendizaxe nas áreas instrumentais básicas: dificultades no proceso de lecto-escritura, de cálculo, de razoamento lóxico, de abstracción,...

Nos dous primeiros supostos será necesaria a intervención de profesorado especialista en PT e en AL, ademais dun diagnóstico previo da orientadora ou dun profesional externo (pediatra, psiquiatra infantil, psicólogo,...). A avaliación inicial será o medio idóneo para a detección e derivación das necesidades educativas do alumnado, a formulación de propostas de medidas de atención á diversidade (ordinarias ou extraordinarias), a derivación ao departamento de orientación e, no seu caso, a ratificación das recomendacións provenientes da etapa educativa anterior, como é o caso da Exención da segunda lingua estranxeira en 1º da ESO ou os informes psicopedagóxicos emitidos polo centro de infantil ou de primaria de procedencia do alumno/a.

A atención á diversidade, e en especial ao alumnado con NEAE, deberá contar cunha dotación adecuada de material, de profesorado especialista (PT, AL, orientadora,...), espazos e tempos. En consecuencia, cando de alumnado con necesidades se trata, os informes psicopedagóxicos deben indicar que tipo de material e que profesorado especialista se require para ofrecer a eses alumnos e alumnas unha atención de calidade.

A escolarización de alumnos e alumnas con NEAE requirirá que o centro adecúe os seus servizos ás necesidades que estes/as presenten. De aí que a supresión de barreiras, a ubicación nunha determinada aula, a adaptación dos aseos, etc. deberán adaptarse ás circunstancias específicas dos nenos/as con NEAE; todo o cal debe quedar claramente determinado nos informes de escolarización e/ou atención.

Por todo isto, destacamos como unha liña base de organización as reunións do Departamento de Orientación, onde se coordinarán consensuadamente as

intervencións e se establecerán os criterios para a organización de ditas intervencións.

Así mesmo, consideramos como criterios de importancia a ter en conta á hora de organizar os recursos e as medidas de atención á diversidade os seguintes:

En canto á organización dos recursos persoais:

• **Criterios para a organización:**

- As intervencións poderán organizarse de forma individual ou en pequeno grupo e estarán vinculadas sempre ao currículo escolar.
- Poderán levarse a cabo tanto dentro como fóra da clase. Nos primeiros niveis intentarase que o apoio se realice dentro da clase por ser o contexto máis normalizado posible.
- Os apoios estarán dirixidos a reforzar principalmente as materias instrumentais. Sen embargp, algúns alumnos/as con NEAE poden precisar apoio noutras áreas que, de ser posible, serán levados a cabo por especialistas nela (apoios e reforzos en educación física ou música para alumnos con mobilidade reducida, por exemplo).
- Procurarase que os tempos de apoio nunha determinada materia correspóndanse co horario do seu grupo de referencia co fin de garantir a integración do alumno/a na súa clase.
- É fundamental e preceptiva a coordinación titor-profesor de apoio-orientadora.
- O horario e número de apoios será determinado polo departamento de orientación, sendo flexible en función da evolución do alumno/a. As decisións sobre o horario de atención a cada alumno/a ou grupo de alumnos/as, así como a modalidade de intervención (individual, en pequeno grupo, dentro ou fóra do aula) será adoptada pola xefa do DO, en colaboración co titor e o profesorado de apoio.
- A xefa do departamento formulará a proposta horaria á xefa de estudos, quen deberá aprobala ou, en caso contrario, formular unha nova proposta tendo en conta as recomendacións da orientadora e os recursos humanos do centro.

En canto á organización dos recursos materiais:

Teremos en conta que os materiais están intimamente relacionados con todos os elementos da acción educativa e especialmente, coa metodoloxía e o tipo de actividades a realizar. Os recursos son facilitadores da aprendizaxe, non condicionantes del. A súa finalidade esencial é apoiar o labor de ensino, axudando á presentación de contidos, motivando e reforzando a aprendizaxe, guiando a actividade do alumno/a, provocando experiencias de aprendizaxe. Na selección do material didáctico deberemos ter en conta que este:

- Sexa motivador.
- Apoie a presentación dos contidos a aprender.
- Estea ben estruturado.

Consideramos importante adaptar os materiais ás posibilidades dos alumnos de forma que comprendan significativamente a mensaxe que presentan os mesmos. Para iso:

- Manteremos unha actitude crítica ante os medios didácticos.
- En ocasións, elaboraremos o noso propio material.
- Tendo en conta as NEAE dos alumnos/as empregaranse materiais "manipulativos" tipo ábaco, regretas, multibase, quebracabezas, dominós, miniarco, Fonodil, memorys,...
- Como complemento e/ou substitución dos libros de texto, existe material impreso variado para traballar a lecto-escritura, a comprensión lectora, estimulación da intelixencia, material de logopedia, contos,...
- Material informático: existen moitos recursos na rede que poden axudar ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e que resultan, asemade, moi motivadores para eles/as. Entre os moitos aspectos positivos dos medios audiovisuais e informáticos podemos salienta que:
 - Complementan e perfeccionan o significado da comunicación oral e escrita.
 - Axudan a facilitar o abstracto, favorecendo a súa comprensión.
 - Combaten a teorización e o verbalismo expositivo. Fomentan o papel activo e investigador no alumno.
 - Estimulan a atención e a motivación.
 - Permiten adquirir información dificilmente alcanzable por outros medios.

- A fotografía, o cine, a televisión, vídeo, ordenador... son algúns dos moitos medios audiovisuais ao noso alcance.

En canto á organización dos tempos e os espazos:

Na primeira reunión que celebre o DO ao comezo do curso escolar abordaranse os seguintes aspectos relativos aos apoios:

- Tendo en conta a información de que dispoñemos sobre as características dos nosos alumnos/as, a análise da previsión de apoios realizada o curso anterior, os alumnos/as de nova matrícula susceptibles de apoio e o horario de asignación ao centro do profesorado especialista, farase unha primeira proposta dos alumnos/as susceptibles de recibir apoio por parte do profesorado de PT e/ou AL e aqueles que van recibilo por parte do profesorado ordinario.
- En función das características dos grupos-clase, xa constituídos, e das posibilidades reais que ofrezca o centro, farase unha previsión dos tipos de apoio que conveña organizar (desdobres, agrupamentos flexibles, atención individualizada ou en pequenos grupos, etc.).
- Establecerase un calendario de reunións entre os titores/as, os profesores de apoio, a xefatura do DO e a xefatura de estudos do centro, para concretar os apoios (alumnos atendidos, espazos, tempos, áreas,...) que van impartir tanto os especialistas como os profesores ordinarios para completar horario.
- Os profesores especialistas en PT, AL e a xefa do DO, poderán e deberán orientar e achegar ao profesorado material e pautas adecuadas para atender aos alumnos/as.
- As familias dos alumnos/as que van recibir algún tipo de apoio educativo, ben por parte do profesorado especialista ou ben por parte do profesorado ordinario, deberán ser previamente informadas polo profesor tutor sobre as medidas que se van a adoptar co seu fillo/a e dos obxectivos que se pretenden conseguir.

Coa finalidade de facer unha valoración o máis completa e precisa posible das necesidades de cada alumno, ao comezo de cada curso escolar levaranse a cabo as seguintes actuacións:

a) Revisión e estudo da documentación relativa aos alumnos con NEAE por parte do profesor titor e profesor/a de AL, PT e orientadora.

b) Revisión dos expedientes académicos dos alumnos/as, por parte dos profesores/as tutores/as de cada grupo e xefa do DO e, especialmente, aqueles que contaron con apoio ou reforzo educativo.

c) Intercambio de comunicación entre o profesorado actual e o do curso anterior.

d) As intervencións de apoio educativo aos alumnos/as comezarán cando se realice o horario dos apoios, que será nos primeiros días do curso.

c) Disponibilidade do resto de espazos do colexio, para as áreas específicas do currículo que o necesiten.

Como criterios para a distribución dos espazos e os tempos destacamos:

Os criterios xerais para decidir se os alumnos reciben a atención dentro ou fóra da aula, se será apoio individual ou en grupo ou se o apoio será previo, durante ou posterior á actividade da aula ordinaria, será unha decisión coherente, coordinada e consensuada entre o profesor especialista, titor/a, profesor de área, Xefa de estudos e DO. En xeral, os apoios:

a) Realizaranse dentro da aula cando non supoña unha alteración do desenvolvemento da clase e/ou o alumno/a poida seguir en certa medida os contidos da aula.

b) Realizaranse fóra da aula para traballar aspectos concretos das necesidades do alumno e/ou cando a conexión coa programación da aula sexa escasa.

c) Realizaranse en pequeno grupo cando as dificultades e necesidades que presentan os alumnos sexan similares.

d) Procurarase que as horas de apoio dos alumnos/as non coincidan co horario das áreas que favorecen a súa socialización ou que poidan seguir con menor dificultade (E. Física, Música, E. Artística).

e) Procurarase que as horas de apoio especializado coincidan co horario das áreas nas que van recibir apoio.

7.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Concreción das actuacións:

Funcións da orientadora:

➤ Asesoramento ao equipo directivo:

- Elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos equipos, a proposta do PXAD que trasladará ao equipo directivo.
- Elaborar a proposta da concreción anual do Plan de Atención á Diversidade para que forme parte da programación xeral anual.
- Asesorar na elaboración dos grupos de alumnos.

➤ Asesoramento á Comisión de Coordinación Pedagóxica:

- Informar e asesorar sobre as problemáticas dos alumnos con NEAE e suxerir propostas de actuación.
- Asesorar sobre metodoloxías de traballo.

➤ Asesoramento ao profesorado:

- Asesorar na elaboración das adaptacións curriculares.
- Asesorar en aspectos metodolóxicos e no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación adaptados á diversidade.
- Colaborar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.
- Asesorar na planificación de intervencións destinadas a atender dificultades de aprendizaxe.

➤ Con respecto ao alumnado de nova incorporación:

- Recoller información dos centros de procedencia.
- Colaborar na realización de xornadas de portas abertas a finais de curso co fin de que o alumnado se familiarice co seu novo centro escolar.
- Participar nas reunións informativas cos pais para explicarlles as características do centro e, se fose o caso, da nova etapa educativa.
- Analizar co profesorado titor a información de que se dispón sobre este alumnado.

➤ Con respecto ao alumnado con NEAE:

- Estudar os informes do alumnado de nova incorporación.
- Avaliar o seu estilo de aprendizaxe.
- Recoller datos familiares e sociais.

- Elaborar as avaliacións psicopedagóxicas e o correspondente informe psicopedagóxico.
 - Colaborar no proceso de incorporación aos diferentes programas e agrupamentos contemplados no PXAD.
 - Realizar a orientación académica nos cambios de curso e etapa.
- Con respecto ás medidas de atención á diversidade:
- Ordinarias:
 - Asesorar ao profesorado na realización das programacións didácticas para que contemplan os contidos mínimos e as medidas de ampliación, de reforzo e de recuperación
 - Asesorar aos equipos docentes nos procesos de avaliación.
 - Establecer actividades de orientación educativa antes do cambio de curso e etapa.
 - Extraordinarias:
 - Realizar a avaliación psicopedagóxica e elaborar o correspondente informe psicopedagóxico.

Funcións do Equipo directivo

(Art. 11 Decreto atención á diversidade).

- ✗ Será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do PXAD.
- ✗ Velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.
- ✗ Incorporará a concreción anual do Plan á programación xeral anual.

Funcións do Consello escolar

- ✗ Establecer as directrices polas que ha de rexerse a proposta do PXAD elaborado polo DO.
- ✗ Aprobar o PXAD.

Funcións do Claustro de profesores

- ✗ Propoñer o PXAD ao Consello Escolar, para a súa aprobación.

Funcións da Comisión de Coordinación Pedagóxica

- ✗ Establecer as directrices para a elaboración da proposta do PXAD que elaborará o DO e posteriormente trasladará ao Equipo Directivo.

Funcións dos Equipos docentes

- ✗ Participar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe.

- ✘ Coordinar a aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ✘ Propoñer a incorporación do alumnado aos diferentes programas considerados no PXAD do Centro.
- ✘ Avaliar a efectividade das diferentes medidas de atención á diversidade e facer propostas de mellora.

Funcións do Profesorado titor/a

- ✘ Colaborar na prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- ✘ Participar no desenvolvemento das medidas que se contemplan no PXAD.
- ✘ Propoñer a aplicación de medidas de atención á diversidade.
- ✘ Propoñer a incorporación do alumnado aos diferentes programas considerados no PXAD do Centro.
- ✘ Coordinar a aplicación das medidas de atención á diversidade.
- ✘ Participar na orientación do alumnado con NEAE nos cambios de curso e etapa.
- ✘ Avaliar de forma continuada a efectividade das diferentes medidas de atención á diversidade adoptadas co alumnado ao que atende e, se é o caso, facer as correspondentes propostas de mellora.
- ✘ Informar ás familias sobre as medidas de atención á diversidade que se están adoptando e sobre os resultados das mesmas, así como recoller información sobre a incidencia que podan ter nos ámbitos persoal, familiar e social do alumnado.

Funcións do Profesorado que imparte as distintas áreas/ materias

- ✘ Colaborar na prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe.
- ✘ Participar no desenvolvemento das medidas contidas no PXAD.
- ✘ Elaborar, desenvolver e realizar o seguimento das adaptacións curriculares nas áreas/materias que sexan da súa competencia.
- ✘ Informar ao profesorado titor e colaborar con el na transmisión de información ás familias do alumnado ao que atende, tanto no que se refire aos resultados da aplicación das medidas de atención á diversidade, como do seu rendemento.

Funcións do Profesorado da especialidade de Audición e Linguaxe

- ✘ Intervir co alumnado con trastornos da linguaxe tanto na aula ordinaria coma na aula de apoio.

- ✘ Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado con trastornos da linguaxe.
- ✘ Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares en todo o referente á linguaxe.
- ✘ Colaborar na elaboración e selección de materiais didácticos relacionados co seu campo.
- ✘ Colaborar intervindo coas familias do alumnado con trastornos da linguaxe.
- ✘ Colaborar no proceso de incorporación do alumnado co que intervén aos diferentes programas e agrupamentos que se contemplen no PXAD.
- ✘ Avaliar de forma continuada a efectividade das medidas de atención á diversidade adoptadas co alumnado ao que atende e, se é o caso, facer as correspondentes propostas de mellora.
- ✘ Colaborar na orientación sobre o futuro académico do alumnado ao que atende.

Funcións do Profesorado da especialidade de Pedagogía Terapéutica

- ✘ Intervir co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo especiais tanto na aula ordinaria coma na aula de apoio.
- ✘ Colaborar na avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEAE
- ✘ Colaborar na elaboración das adaptacións curriculares, así como na elaboración e selección de materiais didácticos.
- ✘ Colaborar intervindo coas familias do alumnado ao que atende.
- ✘ Colaborar no proceso de incorporación do alumnado co que intervén aos diferentes programas e agrupamentos que se contemplen no PXAD.
- ✘ Avaliar de forma continuada as medidas de atención á diversidade adoptadas co alumnado ao que atende e facer propostas de mellora.
- ✘ Colaborar na atención ao alumnado superdotado intelectualmente.
- ✘ Colaborar na orientación sobre o futuro académico do alumnado ao que atende.

8.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

A estruturación da atención á diversidade esixe ter en consideración:

- A coordinación entre niveis.
- A colaboración do profesorado en tarefas de apoio.
- O paso de EI a EP.
- A preparación para a nova etapa educativa: a ESO.

O Decreto 229/2011, no art. 41.3 establece : *"O Plan Xeral de Atención á Diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados"*.

No que atinxe ao alumnado, e especialmente ao que ten necesidade específica de apoio educativo, a transmisión de información do titor/a que finaliza un curso ao titor/a que comeza un novo curso co neno/a é básica para comezar a traballar.

Como di o mesmo Decreto, no art. 41: *"A posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do Departamento de Orientación, de ser o caso, formarán parte dese proceso de coordinación"*.

A información transmitida polo titor/a que deixa ao alumno/a debe constar de:

- A situación familiar, ou historial, a relación dos pais coa escola, o grao de colaboración ...
- Descrición da problemática do neno.
- Grao de consecución dos obxectivos do curso.
- Estilo de aprendizaxe do alumno/a.
- Medidas de reforzo ou adaptación curricular.
- Reforzadores aos que é máis susceptible.
- Apoios específicos recibidos, tempos e contidos.
- Informes do departamento de orientación, da profesora de PT e/ou da mestra de AL.

Polo que respecta á incorporación dos alumnos/as á ESO, realízase unha charla informativa e orientadora por parte da xefa do departamento de orientación previa asistencia á xornada de portas abertas que organiza o IES en colaboración

cos centros de primaria que ten adscritos. O obxectivo que se persegue é facilitar a transición entre as dúas etapas educativas.

9.- CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Cabe destacar a necesidade educativa de fomentar a cooperación entre as familias e os centros escolares, resaltando os efectos positivos que supón, tanto para o alumnado como para os pais, profesores, o centro escolar e a comunidade na que este se asenta.

1. ESTRATEXIAS DE COLABORACIÓN

O Decreto 229/2011, do 17 de decembro, no art. 42 “Participación e colaboración das familias” dispón que “*Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado ...*” e que estas recibirán “*... información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros*”.

1.1.-_Información de carácter xeral

En primeiro lugar está a Reunión Xeral ao inicio do curso escolar. Nela infórmase sobre os titores e demais profesorado, o equipo directivo, as clases, o período de adaptación (en educación infantil), a súa importancia, as actitudes positivas e negativas que deben ter os pais e nais neste momento tan importante, as normas de organización: entradas e saídas, o listado de material, o listado de libros, consellos para os pais sobre: o vestuario, os almorzos, horas de descanso, etc. Ao longo do curso irán realizándose unha serie de reunións titoriais. Nas aulas onde vai incorporarse por primeira vez algún alumno, é desexable manter unha reunión previa á escolarización.

1.2.- Información en torno ao neno/a

Para unha relación máis individualizada cos pais e recabar datos do neno/a, atópanse as enquisas que recollen datos persoais de identificación, datos familiares, datos básicos de saúde, datos sobre escolarización e outros. Mediante entrevistas persoais (titorías) pódense descubrir datos e informacións referentes ao desenvolvemento dos nenos e nenas. Ademais están os informes trimestrais que se entregan ás familias e que recollen os progresos do alumno e a alumna.

COLABORAR NA ACCIÓN EDUCATIVA.

As relacións entre familia e profesorado artículanse en relación cos seguintes profesionais de ensinanza:

- Co profesor – titor.

As relacións da familia co profesor – titor do seu fillo constitúen a clave para unir esforzos dirixidos á conquista de obxectivos educativos. O titor será o ligazón entre as demais instancias escolares e a familia, e para elo é necesario que planifique a acción tutorial cos pais dos alumnos. Esta acción realizarase cunha maior minuciosidade cando se trate de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, procurando que os contactos sexan o máis asiduos posible, para coordinar os esforzos familiares en favor da educación do seu fillo/a.

- Coa orientadora.

A orientadora necesita da colaboración familiar para o logro dos seus obxectivos como profesional.

A colaboración da familia coa orientadora é especialmente importante nos seguintes momentos da escolarización dos alumnos:

- Detección das necesidades educativas específicas de apoio educativo do alumno.
- Busca do emprazamento escolar máis axeitado.
- Cambios de escolaridade, xa sexa pola finalización de etapa ou por cambio de centro.
- En todos aqueles momentos en que se produzan cambios significativos nas necesidades específicas de apoio educativo que un alumno posúe.

COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Art.40 do cap. VII do Decreto 229/2011, do 17 de decembro:

“A consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas.”

- Colaboración interprofesional.

A colaboración interprofesional constitúe outra forma de abordar o apoio á escola sobre a base do traballo de diferentes profesionais provenientes de ámbitos

formativos e/ou profesionais diversos, que teñen en común a súa vinculación e participación no proceso educativo aínda que dende ángulos diversos.

- Colaboración interinstitucional.

O traballo colaborativo entre distintas institucións. No ámbito educativo, isto supón un proceso de apertura das portas da escola non só para que a comunidade poida entrar á escola senón tamén para que a escola inclúa entre as súas actividades propostas de traballo con outras organizacións da comunidade.

10.- PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

SOLICITUDE E AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO ALUMNO/A

Apelidos: _____ Nome: _____
 Curso: _____ Data Nacemento: _____ Data: _____
 Nome do pai/titor: _____
 Nome da nai/titora: _____
 Profesor/a: _____

DEMANDA REALIZADA POR

O/A profesor/a titor/a Outro profesorado: _____
 O Equipo docente O/A orientador/a Outro: _____

NECESIDADES EDUCATIVAS QUE PRESENTA

Dificultades de tipo psicomotriz Dificultades na fala
 Dificultades na lectoescritura Dificultades no cálculo
 Dificultades de personalidade (de relación, de conduta, autoestima, etc)
 Dificultades ambientais (illamento social, sobreprotección, etc)
 Dificultades sensoriais (visión, audición, etc)
 Outras: _____

MEDIDAS ORDINARIAS/EXTRAORDINARIAS ADOPTADAS

Reforzo educativo Programas de recuperación
 Reforzo da linguaxe oral ACI (Adaptación Curricular Individual)
 Programas específicos personalizados Desdoblamento de grupos
 Programas de enriquecemento curricular Aulas de atención educativa e convivencia
 Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
 Metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos
 Outras: _____

D./Dna. _____,

Director/a do centro _____

AUTORIZO NON AUTORIZO

A aplicación das seguintes medidas extraordinarias solicitadas:

_____, a ____ de _____ de 20____

**INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS PARA A ADOPCIÓN DE
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

D/Dna _____
con DNI nº _____ en calidade de pai/nai ou titor/a legal do
alumno/a _____ matriculado
neste centro, no _____ curso de Educación: Infantil
 Primaria

Quedei informado de que o meu fillo/a vai recibir as medidas de atención
educativa oportunas conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico,
persoal, social e cognitivo. As ditas medidas son as que se indican a continuación:
(Soamente as que aparecen marcadas)

- Reforzo educativo dentro da aula(RE)
- Reforzo educativo fóra da aula (RE)
- Reforzo en audición e linguaxe
- Adaptación curricular (AC)
- Outras

Declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta medida de
apoio.

....., a de de 20.....

O/A pai/nai, ou titor/a legal
(Sinatura)

*Nota: Esta autorización será entregada ao titor/a, quen a súa vez debe remitila ao
departamento de orientación para ser arquivada.*

INFORMACIÓN FAMILIAR PARA INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA

ALUMNO/A: _____

DATA NACEMENTO: _____ CURSO: _____

NOME DA NAI: _____

PROFESIÓN: _____

NOME DO PAI: _____

PROFESIÓN: _____

TELÉFONO: _____

D./Dna. _____,

con DNI _____, pai/nai ou titor/a legal (risque o que non proceda) deste alumno/a, fun informado/a da conveniencia da realización dunha avaliación psicopedagóxica, tal como se recolle no Decreto 229 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21/12/2011), por parte da xefa do Departamento de Orientación co fin de avaliar as necesidades que poida presentar o meu fillo/a e que permitan a posterior adopción das medidas de atención educativa oportunas.

Polo que:

 ESTOU DE ACORDO NON ESTOU DE ACORDO (declaro que fun debidamente informado/a da necesidade desta avaliación)

_____, _____ de _____ de 20 _____

O/A pai/nai ou titor/a legal

(Sinatura)

O/A titor/a

(Sinatura)

Nota: Esta autorización será entregada ao titor/a, quen a súa vez debe remitila ao departamento de orientación para ser arquivada.

INFORME DO PROFESORADO DE APOIO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO

CURSO: 20__/20__

TEMPORALIZACIÓN DO APOIO: 1º TRIMESTRE 2º TRIMESTRE 3º TRIMESTRE**1. MESTRE QUE REALIZA O INFORME:**

NOME E APELIDOS: _____

PROFESOR DE: PT AL APOIOSITUACIÓN NO CENTRO (*Defin., Prov., Inter.*): _____**2. DATOS DO ALUMNO/A:**

APELIDOS: _____ NOME: _____

DATA DE NACEMENTO: _____ TITOR/A: _____

CURSO: _____ ED. INF. CURSO: _____ ED. PRIMARIA

3. DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

ÁREA/S NAS QUE RECIBIU O APOIO: _____

DATA DE COMEZO: _____

DATA DE REMATE (*No caso de non chegar a recibir o apoio todo o curso*): _____HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DE APOIO RECIBIDO (*Especificar día/s da semana, horario e modalidade –dentro da aula ordinaria, fóra da aula ordinaria*):

DESCRICIÓ DAS MEDIDAS DE APOIO:

a) Tipo de tarefas realizadas:

b) Principais materiais empregados:

c) Horario e grao de coordinación co profesorado ordinario:

d) Avaliación das medidas de apoio:

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO:

 Acadáronse os obxectivos previstos Non tiveron a eficacia esperada, foron unha tarefa rutineira máis Foron eficaces, pero a mellora non se extrapola ao traballo diario (ordinario)PREVISIÓN PARA O PRÓXIMO CURSO (*Indicar se se considera que este alumno/a, no vindeiro curso, pode verse beneficiado ou non por unhas medidas de apoio educativo, en que área ou áreas, mediante que modalidade –dentro da aula ordinaria, fóra da aula, mixta- e número de horas semanais*):

11.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A avaliación do alumnado suxeito a medidas ordinarias de apoio ou de reforzo educativo será continuo e coordinado entre os profesores/as implicados.

A avaliación do alumnado suxeito a medidas extraordinarias con AC estará suxeito aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe contemplados nas súas adaptacións curriculares.

A avaliación do Plan de apoio ao proceso de ensinanza aprendizaxe será trimestral, en función da avaliación introduciranse os cambios e modificacións que se consideren necesarios.

A avaliación final será unha reflexión sobre as competencias e os obxectivos acadados e ou non acadados, e, en función dos mesmos, modificarase o Plan o vindeiro curso.

Os criterios de avaliación do Plan veñen marcados polo grao de cumprimento dos obxectivos sinalados no mesmo e polo resultado das actividades deseñadas para desenvolver nos dous ámbitos, no proceso de ensino-aprendizaxe e na función titorial.

A avaliación do Plan efectuarase mediante o seguimento do mesmo por parte do departamento. Tal como se recolle na normativa legal vixente, farase unha reunión trimestral, como mínimo, para o seu seguimento. Tamén nas reunións semanais dos membros do departamento se valorarán as actividades que se vaian levando a cabo ao longo do curso escolar. Para a avaliación do Plan, cada membro do DO deberá traer cuberto o Informe do profesorado de apoio sobre as medidas de apoio educativo realizadas, que poñeremos en común nas datas citadas.